

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 07.09.2017

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.05 h do 07.09.2017, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos (quen se abandona a sesión ás 19.55 h no transcurso do punto de rogos e preguntas), Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria accidental:

Carmen López Villar

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 840/2017 ao núm. 989/2017**

Os concelleiros danse por informados.

### **2. Dación de conta do informe de intervención sobre as abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 2º trimestre do 2017**

Os concelleiros danse por informados.

### **3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do Anexo I das bases de execución do orzamento do 2015 prorrogado (subvencións nominativas)**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 28.08.2017, por 5 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Mixto) e 1 abstención do grupo municipal Socialista que, emite o seu voto particular sobre o asunto:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 27 de xullo de 2017 esta alcaldía elabora unha proposta de modificación do Anexo I das Bases de execución do orzamento do exercicio 2015, prorrogado para o 2017, relativo ás subvencións nominativas.

Tendo en conta que dita proposta foi informada favorablemente pola intervención municipal (informe de fiscalización 193/2017 de 23 de agosto de 2017), esta alcaldía presenta ao Pleno, previo ditame pola Comisión de Facenda, a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar a modificación do Anexo I das Bases de Execución do Orzamento de 2015, prorrogado para o 2017, determinando as subvencións nominativas máis significativas a asociacións e entidades que fomentan actividades de utilidade pública ou interese social entre os veciños do Concello neste exercizo 2017.

Como consecuencia desta modificación, o Anexo I quedaría co seguinte contido:

RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS.

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Obxecto	Importe
326.48901	ANPA Centieiras	Mantemento e funcionamento do comedor escolar	2000,00
326.48901	ANPA Os Casais	Mantemento e funcionamento do comedor escolar	1000,00
326.48901	ANPA A Xunqueira	Mantemento e funcionamento do comedor escolar	1000,00
231.48900	Cáritas	Realización de actividades de interese social: atención a persoas desfavorecidas do concello	5000,00
231.48900	Aspaneps	Mantemento e funcionamento da asociación durante o ano 2017	4000,00
231.48900	Fundación Amigos Galicia	Realización de actividades de interese social: atención a persoas desfavorecidas do concello	4500,00
334.48900	Os Centolos	Organización do festival Fene Rock 2017	6500,00
334.48900	Agarimo de Sillobre	Organización da festa das Lavandeiras 2017	1600,00
334.48900	CPS San Valentín	Obradoiros de Nadal	700,00
334.48900	AAVV Magalofes	Organización da festa do Poltro 2017	1000,00
334.48900	AAVV Sta. Eulalia Limodre	Organización da festa da orella 2017	1000,00
334.48900	AC Felicia	Organización do Felipop 2017	5500,00
334.48900	CMI Unidade de Fene	Organización do Premio Pérez Parallé 2017	2500,00
334.48900	Airiños de Fene	Organización da Xuntanza Gaiteiros 2017	4500,00
334.48900	CRD O Pote	Organización da Festa da Ameixa 2017	500,00
334.48900	CRD O Pote	Organización da Romaría O Pote 2017	3000,00
334.48900	ACRD Liga Amigos	Organización da Romaría O Camiñante 2017	1000,00
334.48900	Asoc. Vikingos Río Castro	Organización XI Romaría Vikinga	4000,00
341.48900	Club escudería Scratch Fene	Organización Slalom Fene	2200,00

Segundo.- A aprobación inicial da modificación someterase a exposición pública por un prazo de 15 días para os efectos de que podan presentarse reclamacións. No suposto de que non se presentaran durante ese prazo, considerarase definitivamente aprobado; de non ser así, deberán resolverse as alegacións e procederse á súa aprobación definitiva. Unha vez aprobado e aos efectos da súa entrada en vigor, deberá publicarse no BOP o ANEXO I de relación nomina de subvencións nominativas.

Fene, 23 de agosto de 2017  
O alcalde  
Juventino J Trigo Rey"

Sobre este ditame emitiuse voto particular do grupo municipal socialista en virtude do que se manifesta en desacordo coa proposta ditaminada coa finalidade de proceder a defensa do pleno da seguinte proposta:

Incrementar en 1.000 € o importe da subvención nominativa para cada unha das seguintes entidades de beneficio social: Cáritas, Aspaneps e Fundación Amigos de Galicia quedando os seus importes da seguinte maneira:

Cáritas	Realización de actividades de interese social: atención a persoas desfavorecidas do concello	6000,00
Aspaneps	Mantemento e funcionamento da asociación durante o ano 2017	5000,00
Fundación Amigos Galicia	Realización de actividades de interese social: atención a persoas desfavorecidas do concello	5500,00

”  
**Sometido o voto particular a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.**

Á vista do resultado da votación, a Proposta da alcaldía queda como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 27 de xullo de 2017 esta alcaldía elabora unha proposta de modificación do Anexo I das Bases de execución do orzamento do exercicio 2015, prorrogado para o 2017, relativo ás subvencións nominativas.

Tendo en conta que dita proposta foi informada favorablemente pola intervención municipal (informe de fiscalización 193/2017 de 23 de agosto de 2017), esta alcaldía presenta ao Pleno, previo ditame pola Comisión de Facenda, a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar a modificación do Anexo I das Bases de Execución do Orzamento de 2015, prorrogado para o 2017, determinando as subvencións nominativas máis significativas a asociacións e entidades que fomentan actividades de utilidade pública ou interese social entre os veciños do Concello neste exercizo 2017.

Como consecuencia desta modificación, o Anexo I quedaría co seguinte contido:

RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS.

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Obxecto	Importe
326.48901	ANPA Centeiras	Mantemento e funcionamento do comedor escolar	2000,00
326.48901	ANPA Os Casais	Mantemento e funcionamento do comedor escolar	1000,00
326.48901	ANPA A Xunqueira	Mantemento e funcionamento do comedor escolar	1000,00
231.48900	Cáritas	Realización de actividades de interese social: atención a persoas desfavorecidas do concello	6000,00
231.48900	Aspaneps	Mantemento e funcionamento da asociación durante o ano 2017	5000,00
231.48900	Fundación Amigos Galicia	Realización de actividades de interese social: atención a persoas desfavorecidas do concello	5500,00
334.48900	Os Centolos	Organización do festival Fene Rock 2017	6500,00
334.48900	Agarimo de Sillobre	Organización da festa das Lavadeiras 2017	1600,00
334.48900	CPS San Valentín	Obradoiros de Nadal	700,00
334.48900	AAVV Magalofes	Organización da festa do Poltro 2017	1000,00
334.48900	AAVV Sta. Eulalia Limodre	Organización da festa da orella 2017	1000,00
334.48900	AC Felicia	Organización do Felipop 2017	5500,00
334.48900	CMI Unidade de Fene	Organización do Premio Pérez Parallé 2017	2500,00
334.48900	Airiños de Fene	Organización da Xuntanza Gaiteiros 2017	4500,00
334.48900	CRD O Pote	Organización da Festa da Ameixa 2017	500,00
334.48900	CRD O Pote	Organización da Romaría O Pote 2017	3000,00
334.48900	ACRD Liga Amigos	Organización da Romaría O Camiñante 2017	1000,00
334.48900	Asoc. Vikingos Río Castro	Organización XI Romaría Vikinga	4000,00

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Obxecto	Importe
341.48900	Club escudería Scratch Fene	Organización Slalom Fene	2200,00

Segundo.- A aprobación inicial da modificación someterase a exposición pública por un prazo de 15 días para os efectos de que podan presentarse reclamacións. No suposto de que non se presentaran durante ese prazo, considerarase definitivamente aprobado; de non ser así, deberán resolverse as alegacións e procederse á súa aprobación definitiva. Unha vez aprobado e aos efectos da súa entrada en vigor, deberá publicarse no BOP o ANEXO I de relación nomina de subvencións nominativas.

Fene, 23 de agosto de 2017  
O alcalde  
Juventino J Trigo Rey"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que na Comisión emitiu un voto particular por entender que, nesta ocasión, produciáanse significativos incrementos a entidades culturais e sociais, manténdose practicamente iguais as entidades sociais, sobre todo aquelas que atenden aos colectivos máis desfavorecidos que hai no Concello de Fene, discapacitados ou axudas ás familias en situación de precariedade económica. Entende que se Fene ten capacidade para aumentar esas axudas a actividades culturais, con máis motivos debería incrementalas tamén ás entidades sociais. O voto particular consiste nun incremento lineal de 1000 euros para cada unha das entidades que realizan o seu traballo nese ámbito. Proposta que realizou como un incremento neto e non condicionado a ningunha outra perda de axudas ou colaboracións. Dende entón, informóuselle na Xunta de Voceiros que semella que as tres entidades non tiñan interese en que se incrementase os importes das axudas. O seu grupo púxose en contacto coas entidades e díxéronlle que a proposta que lles trasladou o goberno non foi a que propuxo o seu partido co voto particular, que contiña un incremento lineal e sen estar condicionado a ningún outro tipo de axuda. A partir disto, gustaríalle ter unha explicación do goberno, da responsable da Área de Servizos Sociais, respecto destes contactos, pois atopouse por un lado co que lle dixeran as sociedades e por outro o que lle dixo o goberno, versións que non se parecen en moitas cousas. Por iso pensa que é pertinente que se dean explicacións. O seu grupo segue crendo que segue a ser pertinente que se incrementen nas entidades sociais as axudas nominativas tal e como se recolle no seu voto particular, e por iso pídelo ao Pleno o seu voto favorable, entendendo que isto aínda ten máis cabida cando se atopan cun resultado económico como o que tivo Fene, no que o remanente é positivo e no que se deixan de gastar, por non executar máis de 800000 euros en obras que están aínda pendentes de realizar. Entende que se este goberno non é quen de gastar todo o seu orzamento no ano, é aínda máis pertinente gastalo onde fai falla. Logo do contacto con estas entidades, segue a ver moi necesario atender aos veciños e veciñas de Fene, logo de que a crise os deixara en absoluta precariedade.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que como xa lle dixo na Comisión, por parte do goberno non haberá ningún problema en todo o que sexan incrementos nas subvencións nominativas. Tamén lle dixo na Comisión que foi unha mágoa que non trouxera esta proposta antes da Comisión, porque se podería ter incorporado perfectamente. Todos os grupos tiñan a proposta dende hai máis dun mes e non fixeron ningunha aportación. Só cando o goberno chegou á Comisión o partido Socialista fixo ese voto particular. É certo que hai tres entidades que tiveron pouco incremento, Cáritas, Aspaneps e Fundación Amigos Galicia, pero vostede sabe perfectamente que o convenio coa Fundación Amigos de Galicia a inversión que realiza no Concello de Fene coa achega que o goberno propón é que pasan de 45000 a 60000 euros, so incrementándolles estes cartos, por iso non se lle puxo máis cartos na subvención. Á marxe disto e así se dixo no luns, xa estaban pedidos e xa se estaban facendo os informes de intervención para ver se isto foi posible e constan no expediente do Pleno dende a súa convocatoria.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que aos efectos do voto particular e antes de que interveña a concelleira da Área de Benestar Social, que tamén pide a súa intervención, pois merece a explicación da postura do goberno dende o día da Comisión ata o día da Xunta de Voceiros e ata a realización deste Pleno, xa que as cousas non son como o goberno lle contou. É ben certo que a oposición ten a proposta da subvencións nominativas e tamén é ben certo que nunca se lles chamou a ningunha reunión. Tamén é ben certo

que esta situación non se tivera dado se o alcalde trouxera os orzamentos en tempo e forma ao Pleno e nel estivesen as subvencións nominativas. Igual que as presenta agora en setembro, ben se puideron ter presentadas en maio, xuño ou agosto, pois ben sabe o alcalde que, agás detalles non ían ser obxecto de diferencias.

Contéstalle o alcalde ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que non vai entrar no tema dos orzamentos, así lémbrralle que o ano pasado se trouxeron ao Pleno e nin sequera os deixaron discutir. Roga que se centren no punto da orde do día.

A continuación fai uso da concelleira da Área de Benestar Social, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a proposta levouse á Comisión Informativa de Dinamización Económica na que o partido Socialista propuxo incrementar 1000 euros a tres entidades. Di que falou coas asociacións e comentou que tanto Cáritas como Aspaneps, teñen outras achegas municipais e faláronse de darlle unha volta cara ao ano que vén. Na Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia e a proposta que se levou era de 1000 euros a Aspaneps, 1000 euros a Cáritas e 2000 euros á Fundación Amigos de Galicia. O goberno falou con Cáritas e Aspaneps, logo da proposta do partido Socialista en Voceiros e o que lle dixeron foi que non tiveron aínda ningunha xuntanza ao respecto e que ninguén falara con eles agás o goberno, que lle contou que había unha proposta de incremento de 1000 euros e que o goberno a ía respectar e, cara ao ano que vén, falaríase. Así ela informou na Comisión que terá xuntanzas coas tres asociacións no mes de setembro par informar deste tema e para analizar como sería o convenio cara ao vindeiro ano. Respecto da Fundación Amigos de Galicia, como dixo o alcalde, hai un incremento de 45000 euros a 60000 euros e a colaboración que lle pediu a Fundación foi unha suba de 200 euros, que foi o que se puxo na proposta. A maiores dos 60000 euros incrementouse 3000 euros máis para alimentos e produtos frescos e outros 3000 euros para casos de emerxencia de xustificantes de pago da luz, auga, alugueiro e mesmo para algún caso de posible desafiuzamento ou emerxencia. Tamén informou que cando tivese a xuntanza coas entidades informaría do seu resultado na vindeira Comisión.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que alégrase de escoitar que o goberno tamén se alegra de que se incremente ás entidades sociais e alégrase de que se acollan á proposta do partido Socialista, que a vexan razoable xa que mellora a proposta inicial. Alégrase de escoitar da voz da concelleira da Área de Benestar Social que en ningún momento se condicionou estas axudas a ningún outro servizo nin atencións que se lle fan a estas sociedades e entende que a súa palabra vale por un compromiso e que efectivamente se se aproba este incremento este ano non se rebaxará ningún tipo de axudas nin colaboracións que hai con estas asociacións. Respecto do dito da Fundación Amigos de Galicia di que a súa proposta é a que é, e tamén o concelleiro que interveu na Comisión de Dinamización Social defendeu este incremento e propúxolle ao goberno incrementar outros mil euros máis á Fundación, non porque se dixera no aire senón porque dos datos que teñen, hai vinte familias máis que son susceptibles de recibir apoio a través das axudas que ofrece a Fundación Amigos de Galicia. Pola súa información de cando o concelleiro Joaquín Ayala tiña responsabilidades desta Área e realizou o convenio coa Fundación, a achega que pedía a Fundación era duns cen euros por familia e, por tanto, cuns 2000 euros se atendería a todas as familias. Non obstante, o seu partido é moi respectuoso con todos os procedementos e na Comisión de Informativa de Dinamización Social se fixo un rogo, pero na Comisión de Facenda foi, primeiro unha proposta que ao non se apoiada converteuse nun voto particular, seguindo o ROM. Dille ao alcalde que é certo que tiveron catro semanas para realizar propostas pero o certo é que tamén o ROM e demais lexislación que regulamenta o funcionamento dos Concellos di que o lugar de presentar propostas, ditames alternativos ao presentado polo goberno é na Comisión Informativa. O grupo Socialista optou por utilizar os mecanismos establecidos legalmente e por tanto, nin se pode nin se debería cuestionar. Outra cousa é que ao alcalde lle gustaría que llo dixeran moito antes e igual se a súa aptitude fose outra, igual o diálogo co goberno tamén sería outro, e como a súa aptitude é permanentemente a que é o grupo Socialista intervén cando considera oportuno. Sabe que no goberno son poucos e precisan axuda, pero quen os votou do goberno foi o alcalde e agora non pode vir pedindo axudas. O partido Socialista actuou no marco que lle permite a lexislación como grupo da oposición. Por tanto, a súa proposta está máis que xustificada dada a situación de precariedade que hai no Concello respecto a familias en situación desfavorecida, que ademais entre a Fundación de Amigos de Galicia e Cáritas, son axudas complementarias, porque se ben a Fundación de Amigos de Galicia é noso, e así o ten que dicir porque é certo, no tema de alimentos perecedoiros, no tempo que estivo o PSOE no goberno están moi satisfeitos do seu traballo, pero tamén é verdade que Cáritas presentaba un complemento moi efectivo, primeiro a familias ás que non se podía atender, segundo, a determinados produtos como perecedoiros ou axudas para pagamentos de caixa onde a Fundación Amigos de Galicia ou o Concello

tiñan máis dificultades para atendelos coa rapidez que requiren estes temas. Parécelle que son dúas entidades que hai que seguir apoiando, fundamentalmente porque a institución municipal non ten capacidade de facer o traballo que hoxe fan esas entidades, así as cousas hainas que recoñecer como son e hoxe hai moitas familias en Fene que se non fose por estas dúas entidades terían unha situación moito máis complexa da que teñen agora. Por tanto entende a pertinencia da proposta, da forma e do momento, e agradácelle á concelleira que lles informe dos servizos complementarios da Fundación Amigos de Galicia e que esta inverta a cantidade que vai inverter a cambio de tan pouca axuda do Concello. Tamén entende que hai familias que quedan por atender, que a labor da Fundación Amigos de Galicia e Cáritas son esenciais, porque chegan alí a onde non chega o Concello.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lle parece ben o mitin que acaba de facer, pero pensa que ninguén puxo en dúbida o traballo de ningunha destas tres asociacións. Lébralle que a proposta do goberno van para estas asociacións, 5000 euros para Cáritas, 5000 euros para Aspaneps e 4500 para a Fundación Amigos de Galicia e o seu grupo pediu incrementar as partidas en 1000 euros máis.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que dille ao alcalde que non é incrementar senón recortar, xa que Cáritas tiña 8000 euros. Precisamente a concelleira da Área de Benestar Social foi a máis interesada en que a Cáritas se lle recortara a subvención pola metade, por iso non pode vir agora a pavonear de incrementar a subvención xa que a aptitude que o goberno tivo na Comisión non tivo nada que ver coa aptitude que agora mostran aquí no Pleno, así na acta desa Comisión se demostrará o que o alcalde dixo naquela Comisión e o que di agora no Pleno. Na Comisión o primeiro que dixo foi que as entidades non querían máis cartos porque non os podían xustificar. Logo de facerse o voto particular, o alcalde dixo que volvería falar coas asociación pero que, logo de falalo, este ano xa tiñan as cousas moi pechadas e concretadas e que igual para o ano, respecto de Cáritas e Fundación Amigos de Galicia, sen mencionar a Aspaneps. Non so dixo isto, nun primeiro momento díxolles que ou os 1000 euros ou nada de servizos complementarios que se viñan prestando de toda a vida por todos os gobernos que houbo neste Concello, así sempre se colaborou, non só con estas entidades, senón coas asociacións de veciños e outras sociedades. Pensa que aquela primeira chamada non a debe facer unha Concelleira que está ocupando un posto dun goberno en minoría. Cando o goberno reúnese coas entidades e asociacións o fan en solitario, as informacións que logo presentan no Pleno defiren totalmente do que logo lle contan polo outro lado. A conclusión é que o goberno minte por sistema, entón como lles van crer cando na Xunta de Voceiros ou nunha Comisión o goberno lle expón o que lle din terceiros, así xa levan tempo que non o fan e teñen que ir a onde xorde a información e corroborar o que lle conta o goberno. Xa sabía, no caso de Cáritas, que se tiñan a posibilidade de xustificar 8000 euros como non ían poder xustificar 1000 euros máis. O goberno sabía, porque o seu grupo lle manifestou, que o PP votaría a favor das subvencións nominativas pero tamén votarían a favor dese voto particular, porque pensa que mellora a proposta do goberno, por tanto o seu voto ía ser si e si, cousa que lle dixeron ao alcalde na Xunta de Voceiros e na Comisión e por iso ven hoxe a proposta que ven, pero sabendo que a idea inicial non era esa. Gustaríalle que a concelleira de Benestar Social lle dixera por que motivo se lanzan estas consideracións?, que máis lle dá ao goberno dar mil euros máis ou menos se efectivamente as arcas poden soportalo, é máis, deben soportalo e incluso máis, así xa soportaron 8000 euros. Non se explica a teimudez de incidir nese erro constantemente para logo darlle a volta e querer o goberno atribuírse que puxeron os mil euros. Non obstante, témesse que se non fose pola proposta do partido Socialista e o voto favorable do PP, as entidades non verían ningún carto máis do inicialmente proposto.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro non adscrito Xoán Manuel Rodríguez Bastida di que non intervirá e anuncia que votará favorablemente á proposta do partido Socialista.

A continuación fai uso da palabra a concelleira da Área de Benestar Social, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que ela non interveu na Comisión de Dinamización Económica co tema das subvencións, pois a preside o alcalde. Na Comisión de Dinamización Social quen falou das subvencións foi o concelleiro de Cultura. No único lugar no que falou deste tema foi na Xunta de Voceiros. O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fixo alusión a unha segunda chamada que ela lles dixo que tiñan que aceptar foi para comunicarlles a proposta do partido Socialista e a súa interlocutora lle dixo que ela non recibira ningunha outra chamada e non sabía nada pero preguntoulle, como ían quedar as cousas?, ao que quedou en contestarlle e decidiu esperar ao que resultase hoxe do Pleno, pois ten unha xuntanza o mércores. En ningún momento dixo que as arcas do Concello se viñesen abaixo por culpa do incremento das subvencións.

Tampouco arrógase ningunha chulería polas subvencións, xa que o que opina EU respecto disto é coñecido e non se arroga nada.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di as actas das comisións están aí, sabe que a Comisión de Dinamización Económica a preside o alcalde pero, dille á concelleira de Benestar Social, María Carmen Martínez Rodríguez, que si falou. Non obstante verase na acta da Comisión.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que quere esclarecer que o que se dixo naquela Comisión era que a proposta que se levou no seu momento estaba informada e a outra proposta non. Por outro lado, lémbrale ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que se acaba de despachar a gusto dicindo que se baixaron as subvencións de Cáritas de 8000 a 5000 euros e quen gobernaba nese momento, os responsables da baixa foi precisamente o partido Socialista, que hoxe trae aquí un incremento de 1000 euros. O seu goberno entende perfectamente o papel da oposición e por iso di que está totalmente de acordo en que isto se faga así e pode ser que, se fose o goberno quen trouxera esta proposta, podería ser que lla tumbasen. Está ben que todos os concelleiros participen e todos teñan claro que hai que participar aínda máis.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que dille ao alcalde que estaba na Comisión e sabe que a concelleira falou pero iso xa se verá na acta. Dille que se lle toca de estar nas vindeiras subvencións nominativas pódelle dar 8000 euros Cáritas e contará co voto do partido Popular, como sempre.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que a súa posición é moi clara pero dille ao alcalde que dixo cousas que non son correctas. Dixo que a responsabilidade da baixada da subvención a Cáritas foi responsabilidade do partido Socialista como se o BNG e Somos Fene non estivesen no goberno daquela.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que o que dixo foi que a responsabilidade, nese momento, da concellería era do partido Socialista.

Prosegue o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, dicindo que o seu grupo defendeu a proposta daquela e a defende agora. Non se trababa de baixarlle a ninguén, tratábase de implicar a máis actores, como foi neste caso á Fundación Amigos de Galicia, porque consideraron que un actor máis podería dinamizar máis as axudas e seguir conservando o resto dos actores que actuaban no Concello. Con todo, non foi unha distribución por reparto do que había, senón que o conxunto do partido incrementouse. Xa que estase a discernir a competencia de cada un dille ao alcalde que o que decidiu os cartos que había foi el. O que se ve agora é que se pechou o ano cunha cantidade inxente de cartos sen executar, con máis de 800000 euros de obras do 2016 e que aínda non están executadas, nin en obra, é dicir, que non se gasta nin os cartos que hai e se isto é así entende que se lle debe incrementar a todos os que están axudando aos que non teñen para comer. Isto non é ningún cambio de posición, primeiro a quen viu correcto se mantivo e agora entende que hai que irlle aumentando a todos, primeiro porque a situación de precariedade na rúa segue a ser a que é, e segundo porque logo de ver a economía do Concello, pode permitíselo, así coincidindo con algún dos intervintes, pensa que a súa proposta é moi prudente, xa que está convencido que aínda se podería facer máis esforzo. Por iso o mínimo que agora considera é a súa proposta do voto particular. No 2016 había 45 familias en Fene susceptibles de recibir as súas axudas, 25 familias estaban atendidas pola Fundación e quedaban outras 20 familias por atender, por tanto o incremento está máis que xustificado e aínda podería ser maior. A todas estas familias a axuda que lle ofrece a Fundación é a que é, fundamentalmente alimentos non perecedoiros, o que hai que complementar co traballos de outras entidades, que atenden familias que non encadran aquí e cubren servizos que nin o Concello ou a Fundación cubren. Por tanto as propostas están totalmente xustificadas e lexitimadas e entende que é unha proposta de incremento prudente, de mínimos.

De seguido fai uso da palabra a concelleira da Área de Benestar Social, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que non sabe as familias que estaban pendentes ou en lista de espera pero esta mañá estivo co expediente da Fundación de Amigos de Galicia enriba da mesa e, que Servizos Sociais teña constancia, non hai ningunha familia en lista de espera. Agora mesmo hai 27 familias atendidas e non hai ningunha familia en espera. Segundo o acordo que se asinou coa Fundación en febreiro, ía atender ata corenta, segundo o acordo acadado no mes de febreiro, que é cando se xuntan. Di que agora hai cousas que precisan darlles unha volta porque hai cousas que precisan falar e darlles unha volta cara ao ano que vén.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Primeiro.- Aprobar a modificación do Anexo I das Bases de Execución do Orzamento de 2015, prorrogado para o 2017, determinando as subvencións nominativas máis significativas a asociacións e entidades que fomentan actividades de utilidade pública ou interese social entre os veciños do Concello neste exercizo 2017.**

**Como consecuencia desta modificación, o Anexo I quedaría co seguinte contido:**

**RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS.**

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Obxecto	Importe
326.48901	ANPA Centieiras	Mantemento e funcionamento do comedor escolar	2000,00
326.48901	ANPA Os Casais	Mantemento e funcionamento do comedor escolar	1000,00
326.48901	ANPA A Xunqueira	Mantemento e funcionamento do comedor escolar	1000,00
231.48900	Cáritas	Realización de actividades de interese social: atención a persoas desfavorecidas do concello	6000,00
231.48900	Aspaneps	Mantemento e funcionamento da asociación durante o ano 2017	5000,00
231.48900	Fundación Amigos Galicia	Realización de actividades de interese social: atención a persoas desfavorecidas do concello	5500,00
334.48900	Os Centolos	Organización do festival Fene Rock 2017	6500,00
334.48900	Agarimo de Sillobre	Organización da festa das Lavandeiras 2017	1600,00
334.48900	CPS San Valentín	Obradoiros de Nadal	700,00
334.48900	AAVV Magalofes	Organización da festa do Poltro 2017	1000,00
334.48900	AAVV Sta. Eulalia Limodre	Organización da festa da orella 2017	1000,00
334.48900	AC Felicia	Organización do Felipop 2017	5500,00
334.48900	CMI Unidade de Fene	Organización do Premio Pérez Parallé 2017	2500,00
334.48900	Airiños de Fene	Organización da Xuntanza Gaiteros 2017	4500,00
334.48900	CRD O Pote	Organización da Festa da Ameixa 2017	500,00
334.48900	CRD O Pote	Organización da Romaría O Pote 2017	3000,00
334.48900	ACRD Liga Amigos	Organización da Romaría O Camiñante 2017	1000,00
334.48900	Asoc. Vikingos Río Castro	Organización XI Romaría Vikinga	4000,00
341.48900	Club escudería Scratch Fene	Organización Slalom Fene	2200,00

**Segundo.- A aprobación inicial da modificación someterase a exposición pública por un prazo de 15 días para os efectos de que podan presentarse reclamacións. No suposto de que non se presentaran durante ese prazo, considerarase definitivamente aprobado; de non ser así, deberán resolverse as alegacións e procederse á súa aprobación definitiva. Unha vez aprobado e aos efectos da súa entrada en vigor, deberá publicarse no BOP o ANEXO I de relación nomina de subvencións nominativas.**

**4. Aprobación, se procede, da proposta de festivos locais para 2018**



Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 30.08.2017 por unanimidade dos seus membros presentes:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO 2018

Como todos os anos, o Concello de Fene ten que determinar dous días de festa local no termo municipal de Fene, de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano.

Polo anterior, propónse que o Pleno do Concello de Fene, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, acorde:

Declarar como festivos locais para o ano 2018 as seguintes datas:

14 de febreiro de 2018	Mércores de cinza
6 de agosto de 2018	San Salvador

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.”

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Declarar como festivos locais para o ano 2018 as seguintes datas:**

<b>14 de febreiro de 2018</b>	<b>Mércores de cinza</b>
<b>6 de agosto de 2018</b>	<b>San Salvador</b>

**5. Mocións urxentes**

Non se presenta ningunha.

**6. Rogos e preguntas**

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Son as 06.50 h e acabouse o Pleno, iso que tiveron o punto terceiro da orde do día que deu de si, senón en cinco minutos acabábase o Pleno. Isto débese a que non se traen asuntos ao Pleno nin ás Comisións.

- No derradeiro Pleno non fixo preguntas porque estaban cansos de facer preguntas e que non se contesten, por iso pregúntalle ao goberno, por que non se van?. Do PXOM adaptado á Lei so solo non se sabe nada, nin das ordenanzas fiscais, nin dos orzamentos. As gabias están perdidas, as arribadas cheas de maleza, as pistas cheas de fochas, non se fixo nin un so metro da rede de sumidoiros en dous anos. O POS de 2015, que xa quedou co proxecto feito, da renovación da auga da marxe dereita aínda non comezaron as obras, logo de dous anos. Non hai talleres de Memoria, non hai o programa de Construíndo Pontes, o Plan único de 2016 da Deputación aínda non se comezou a executar; non hai Punto Limpo, non hai pasos elevados, non hai senda peonil na escola infantil, non hai parque canino, non hai obras nos colexios antes de comezar o curso e o Polígono de Vilar do Colo segue igual. Por todo isto rógalle ao alcalde que non faga sufrir aos veciños de Fene a

súa incapacidade e pídelle que lles faga o favor de irse o antes posible. Se non se quere ir rógalle que lle diga cando se vai poñer a traballar.

Contéstalle o alcalde que lle fai gracia que un día tras outro veñan coa mesma historia, que se os pasos elevados de Perlío e demais. Dille ao voceiro do grupo municipal do partido Popular que o seu grupo gobernou durante catro anos e non moveron un papel e o que eles non foron quen de solucionar en catro anos pretenden que llo solucionen os demais. Preocúpanse tan pouco do Concello e do que ocorre nel que é a segunda vez que o voceiro do grupo municipal do PP volveu insistir que deixou listo as Pías e iso non foi así, foi a outra marxe a que deixou lista, a que se fixo hai dous anos, así o proxecto entrou a mediados do ano 2016 e dille que non se entera, pois o proxecto entrou cando levaba máis dun ano fóra do goberno. Pídelle que se preocupe un pouco máis do que ocorre no Concello e deixen de poñer "zancadillas", porque non pensen que lles prexudican a eles senón que prexudican a todos os veciños e veciñas deste Concello coa súa aptitude e o seu xeito de traballar.

- Ten coñecemento de que deixou o pavillón de San Valentín para pasar a noite a un grupo de peregrinos. Parécelle ben pero pensa que cando se fai unha actuación deste tipo, o mínimo, é preguntar como se xestionou a "pernocta" e informar na Comisión que proceda.

Contéstalle o alcalde que hai varios meses un centro parroquial de Valencia enviou un escrito para ver se lle podían facilitar un aloxamento. Mirouse a Casa da Cultura porque quedaba ao lado do camiño pero logo informáronlle que viñan máis de cen persoas, polo que se mirou poder deixarlles "pernoctar" no pavillón e así se fixo. Considera que se hai que dar conta disto nun Pleno ou nunha Comisión o terán que facer, pero considera que estas cousas son nimias, pero ao mellor teranlle que dar conta de todas as persoas que pasan polo Concello.

- Levan varias Comisións de Desenvolvemento Territorial e do Medio pedindo que se leve o expediente da praza Perla á Comisión. Pregúntalle ao alcalde que se esconde no expediente da praza do Perla?. Di que se vén pedindo hai moitas Comisións e se non se leva, o seu grupo vai ter que pedir unha Comisión especial, como cando lle pagou o carné a un funcionario público, e daquela vaino ter que levar si ou si. Xa leva cinco ou seis peticións voluntarias e na última incluso o vacilaron cando se lle pediu á secretaria da Comisión que lese a acta da Comisión anterior e dixo que se traerá, así o concelleiro de Urbanismo dixo que se traerá, pero non dixo cando. Pide un pouco de seriedade porque isto está pedido nas Comisións e está pedido por escrito, por tanto non sabe que oculta neste expediente para que unha praza pública, que o seu partido inaugurou, pase a ser unha praza privada. Por iso queren que isto se expoña nunha Comisión e que, se é o caso, se leve a un Pleno. Non permitirán máis retrasos e quizais xa, a semana que vén pedirá unha Comisión Especial. É consciente de que hai bastante traballo no Concello e crear unha Comisión deste tipo sempre entorpece un pouco, pero se o goberno se empeña en non traelo, o seu grupo vaise empeñar en traelo, e a forza lla dan os votos que teñen. Por iso quere que, sen demora, lle digan se na vindeira Comisión de Urbanismo vai levar o expediente da praza do Perla?.

Contéstalle o alcalde que procurará ter listas todas as comisións o mes que vén, non obstante lémbrale ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que houbo unha comisión de investigación no que o partido Popular tardou dez ou once meses en presentar a acta. No seu caso van tres meses, e aínda lle quedan sete meses para traela e igualar o seu caso, non obstante, di que a traerá moito antes do que o fixo o PP.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que non esconden nada. Hai cinco meses solicitouse ver o expediente e na mesma comisión contestoulles que estaba a súa disposición e así está. Dille ao voceiro do grupo municipal do PP que non quere ir a velo, quere que o leven á Comisión, quere que o goberno faga o traballo da oposición, que llo leven todo explicadiño, pero como ten dito tantas veces que son sete concelleiros, un ou dous poden ir velo cando queiran, e se queren ir co resto da oposición tamén poden ir revisar o expediente. Se queren pedir unha Comisión Especial están no seu dereito de solicitala. O goberno leva á Comisión as cousas que consideran oportunas, as cousas importantes que se van levar ao Pleno e sobre isto pensa que o goberno tamén está no seu dereito. A partir disto nada máis. Ao mellor moléstalle que un incompetente como el, como din moitas veces por aí, conseguise que se concedese a licenza de primeira ocupación dese edificio, que estivo catro anos sen conseguila durante o mandato do PP, e agora o edificio ten vao e licenza de primeira ocupación.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértola Puente, que dille ao concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que para facer como o fixo vostede xa o facían eles.

De seguindo contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, fixéranos.

- Logo de ver as Resolucións da alcaldía e hai unha gran cantidade de procedementos de execución, sexan por maleza ou por edificacións ilegais. Xa preguntou varias veces, como ía facer o goberno a execución subsidiaria?, é dicir, como van entrar na finca dos particulares?, que método se vai seguir para proceder á limpeza, a tirar un peche, unha bodega e demais?.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que as execucións faranse segundo as indicacións dos servizos xurídicos municipais e, en canto se poidan realizar, entrarán nas fincas para facer as limpeza.

- O alcalde ditou unha Resolución da alcaldía na que acordou pagarlle a un funcionario alegando que non había outros condutores para ese camión, convocouse a instancias do partido Popular unha Comisión Especial para investigar ese suposto, realizouse, saíu o que tiña que saír e cada un manifestou o que manifestou pero, pasan os meses e aínda non teñen a acta da Comisión. Cando vai convocar a Comisión para a aprobación da acta?.

- Cando se está no goberno estase para facilitarlle a tarefa aos veciños, xa bastante traballo teñen algunhas comisións para organizar as festas patronais, con todas as esixencias que hai hoxe en día, como para que o Concello, o día anterior á festa ás 10.30 h, lle requirisen unha documentación que ben se puido ter requirido antes, pois a solicitude a presentaron o 02.08.2017. Roga un pouco de consideración para esta xente que está traballando.

Contéstalle o alcalde que este rogo responde a un populismo barato e recoméndalle que antes de dicir isto nun Pleno o fale co concelleiro, con el mesmo ou incluso cos funcionarios que levan estes permisos e consulte como foi o asunto, xa que o que se conta ao final non se parece co que pasou.

- Na Costa da Lagarteira recóllese o lixo o martes e os xoves, chégalles a frecuencia pero é moi xunta, xa que logo, dende o xoves ata o martes acumúlase gran cantidade de lixo nos colectores. Roga que se estude espaciar un pouco esa recollida, a sabendas de que as rutas dos camións e que alí, pensa que só entra o camión pequeno.

- Na zona de Sillobre pasaron a limpar pola zona dos Pisos, pero logo da segunda panadería, da de Andrés, a partir de aí non se limpou nada máis. Pensa que esta moi ben que se adecente as zonas para a realización das festas pero os demais veciños, o resto do ano, tamén deben desfrutar deses servizos de desbroce, aínda que este servizo non rende o que tiña que render. Non se refire ao funcionario, nin ao persoal senón á súa organización.

- No camiño das Arangas levan tres meses sen recollida de voluminosos. Roga que se pase por esta zona.

O concelleiro do grupo municipal Popular, Juan José Franco Casal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación coas sinais do camiño de Santiago que estaban mal colocadas, fixo o goberno algunha xestión?. Pensa que se trata dun traballo fundamental na Área de Turismo.

Contéstalle o alcalde que Fene non ten ningunha competencia. Comentáronlle, aínda que o descoñece pero o comprobará, que as sinais están ben postas, aínda que pensaron que non. Semella que non ten nada que ver a cuncha coa sinalización, así a cuncha pode ir en calquera sentido e o que sinaliza o camiño é frecha.

- En relación co Outlet dálle a nora boa porque este ano lle deu tempo ao goberno de convocar a Mesa Local do Comercio. Por outro lado, esta mesa convocouse porque houbo unha entrada no rexistro na que a Asociación de Comerciantes, en representación de máis de vinte comercios, solicitouno, é dicir, tampouco o alcalde lembrouse de facela senón que llo tiveron que lembrar e pedirlo por escrito. Lembra que en Fene chegou a haber dous outlets ao ano, ademais doutras actividades comerciais como os concursos de escaparates e demais. Como se organizou o Outlet?, xa

que ten dúbidas de que se atendesen de xeito preciso as peticións dos comerciantes, é dicir, cal foi o criterio para o feito do que se vai ver esta fin de semana no Outlet?. Non dubida de que saia ben pero quere saber cal foi o criterio para a súa organización.

Contéstalle o alcalde que o ano pasado non se convocou a Mesa Local do Comercio porque non houbo Outlet. O ano pasado fíxose unha Fasion e este ano fíxose unha Fasion e un Outlet logo de facer sendas Mesas Locais de Comercio. O que lle sorprende bastante, logo de que gobernase durante catro anos, é que lle diga que foi debido á solicitude dunha asociación. Precisamente, o procedemento é que a Asociación de Comerciantes ou das Amas de Casa, así lle informaron que debe ser e o representante da Xunta que asistiu á Mesa Local do Comercio así llo ratificou, solicite a convocatoria e logo o Concello, colaborando ou organizando, faga o acto. Se o Concello o chegase a facer sen colaboración de ninguén non sería preciso convocar a Mesa Local de Comercio. Como todo o que se fixo foi en colaboración coa Asociación de Comerciantes O Cruceiro, o que se fixo foi falar coa asociación, e logo de ter máis ou menos decidido que se ía facer e como, eles fixeron a solicitude formal para que figure, a sabendas de que se trata dun tema administrativo que non vai máis alá e a Xunta, nas propias Mesas, non lle deu maior importancia. O seu goberno cambiou un pouco o xeito de facer a Fasion e o Outlet e, en vez de facer todo o que se lle ocorre ao goberno, gustando ou non aos comerciantes ou as asociacións, fíxoo dándolle a volta ao asunto, consultándolles as asociacións e aos comerciantes cales son as súas ideas para que lle presten a súa conformidade, e dicir, se eles o consideran factible se comeza a traballar e, caso contrario, cambiasen cousas como sucede neste Outlet, que cambia o formato precisamente polas conversas que mantiveron cos comerciantes. Non sabe como sairá o Outlet xa que o sábado pode diluviar pero de entrada, pódelle garantir que o goberno vai da man coa Asociación de Comerciantes organizando este evento.

A continuación fai uso da palabra por alusións o concelleiro do grupo municipal Popular, Juan José Franco Casal, que dille ao alcalde que terxiversou a súa intervención. Nada do que se fixo aquí (durante o goberno do PP) que foi moito, pero concretamente nesta Área de Promoción Económica, nada se fixo de costas ás asociacións e aos veciños. Chámalle a atención que diga xa que invitaban tamén a representantes do seu grupo, a diferenza das cousas que se fan agora aquí que non lles consultan para nada. Aquí si que hai un cambio, que antes se lles ocorrián cousas, convocaban á xente e enriquecían as propostas e agora se fai exactamente o que lle van pedindo e que xa as propias asociacións estaban organizando. Ese é o verdadeiro cambio de mentalidade, e dille ao alcalde que lle diga unha soa cousa que fixo pola súa propia iniciativa?. Dille que agora escoita e logo fai o que lle peta e antes o goberno propoñía cousas e as facían con eles. O cambio non hai máis que velo e non hai mais que preguntar para ver cantas cousas se facían antes, enriquecían ao pobo, e cantas se fan agora.

Contéstalle o alcalde que se trata dunha interpretación e convida ao concelleiro a que pregunte se a xente está contenta co que se leva feito ata o de agora e verá os éxitos e felicitacións que houbo ata o de agora. Son interpretación e todos están abertos a elas.

- Rógalle ao alcalde se pensa que un Concello como Fene, con case que 15000 habitantes, non debería ter unha programación propia que invite ao turismo. Lémbrralle ao alcalde que todas as actividades que se fan dende a Área de Turismo son organizadas polas asociacións de Fene. Non hai ningunha actividade municipal e lémbrralle que deixou morrer a serie de organización turística de Vén a Fene ou o Fenés do ano, entre outra iniciativas comerciais. As únicas actividades que mantén son as que lle piden as asociacións, é dicir, que o alcalde, pola súa conta e dentro da súa Área non esa a facer absolutamente nada. Así hai moitos máis concellos en Galicia con menos habitantes que teñen unha actividade bastante máis potente ca de Fene.

A concelleira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación coa Resolución da alcaldía núm. 873/2017, do 04.08.2017, preguntalle ao alcalde se a ten a man?.

Contéstalle o alcalde que non.

A concelleira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, dille ao alcalde que tráense as Resolucións ao Pleno para dar conta pero se se lle fan preguntas non as trae para podelas responder.

O alcalde contéstalle que non se trouxeron nunca.

A concelleira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, dille que cando gobernaba o seu partido si se traían, non obstante, lémbrolla esta Resolución. No Concello houbo un procedemento para unha comisión de servizos para que un axente de policía doutro Concello puidese cubrir a praza. Preocúpalle, o que xa lle dixo á concelleira de Persoal hai dúas Comisións que o traballador que vén comisionado presentou a documentación un día despois do prazo. Isto recóllese na Resolución na que o alcalde di que cubertos todos os trámites entende que está comisionado. Se o goberno saca unha oferta pública e un traballador presenta unha solicitude un día despois, vaise aceptar a partir de agora?. Vese en todas as listas que cando un traballador presenta a súa solicitude no rexistro un día despois, a súa instancia automaticamente queda fóra. Quere saber cal foi a razón que motivou que a esta persoa se lle aceptase a súa solicitude?. Se se dera o caso noutras listas, por exemplo, de peóns, de bibliotecarios e demais, pasaría o mesmo?. Xa lle dixo á concelleira que o goberno está a crear un precedente moi grave. En cuestión con esta persoa, aínda que lle dá moita mágoa ter que falar isto no Pleno pero é que nas Comisións non ten ningunha resposta, solicitou na Comisión de Persoal que se lle achegara a Resolución da Xunta de Galicia, cónstalle que un partido da oposición a pediu por escrito e isto foi antes do Pleno, pero a día de hoxe non lle chegou absolutamente nada, así o ROM establece claramente que dende a petición dun concelleiro, se non se contesta negativamente, terá dereito á información. O caso é que o que di a Xunta de Galicia pola ocupación da praza de policía por este oficial é o que lle viña advertindo o seu grupo ao goberno, que un oficial non pode ocupar unha praza de axente de policía. O seu grupo non o afirmou taxativamente pero si o preguntou na Comisión. Por iso reitéralle a pregunta ao alcalde, a Xunta de Galicia requírelle para que volva ao estado anterior a situación deste señor, que presentou fóra de praza a súa instancia, e ocupa unha praza de axente de Policía?. Como pensa o goberno emendar este lío que se montou en materia de persoal?.

Contéstalle o alcalde que non sempre se vai seguir este procedemento para todas as probas. Respecto destas informacións se dixo que se contestaría na seguinte Comisión, pensa que hai un partido que presentou esta pregunta e terá nuns días a contestación, caso contrario, daráselle conta na seguinte Comisión. O tema da Policía Local dixo por un lado que estaba moi preocupada por isto e por outro que tamén sabe a situación actual da Policía, sabe que faltan varios axentes. O que se fixo foi intentar cubrir esta praza nunha comisión de servizos que estivo aberta durante un tempo. Fixéronse distintas xestións para ver que xente estaba disposta a vir e o que pasou foi que logo do prazo para isto, non se presentou ninguén. Ao día seguinte entrou por rexistro unha solicitude, fóra do prazo. O que se fixo foi, logo de que non houberse ningunha solicitude e logo de que fose inaprazable e necesario incorporar a un policía, é dicir, unha vez pasado o prazo e logo de ver que non había ninguén, se pediu un informe para ver se a solicitude era admisible ou non, expúxose publicamente e non houbo ningunha alegación ao respecto de xente que puidera estar afectada, como así consta nos informes xurídicos. Logo da súa exposición pública, foi cando se incorporou en comisión de servizos ao policía, é dicir, foi público, transparente, con papeis publicados. Iso é o que necesitaba Fene e seguen necesitado. Para o resto das bolsas sempre se presenta xente, o problema foi exclusivamente para esta comisión de servizos e nada ten que ver coas bolsas. Si se admitiu foi logo da súa exposición pública e cos informes favorables. A proposta fíxose en función do que informaron os servizos xurídicos do Concello. Agora entrou un documento no Concello, máis político que administrativo, dun departamento da Xunta de Galicia, que xa llo explicará no seu momento, que informa sobre algo que poderá ver. Dille aos membros do grupo municipal do PP que parece mentira que estivesen no goberno, xa que a comisión convócase con tres días de antelación. Este documento é o que se está estudando nestes momentos e pídelles que non se preocupen, que terán toda a documentación, igual que ven toda a demais.

- Pregúntalle ao alcalde o que xa lle preguntou á concelleira de Persoal, por que non se está tirando da lista de arquitectos técnicos que crearon con nocturnidade e aleivosía dun día para outro?. Ao día seguinte do Pleno do mes de abril aprobáronse as bases de arquitecto técnico e na Comisión dese mesmo mes se lles informou que non se puidera dar conta porque era tanta a rapidez e urxencia coas que a tiñan que sacar que non dera tempo e pedían perdón. Así veu que os arquitectos técnicos colleron as súas vacacións, pero non substituíron a ninguén. Non entende porque, xa que non pasou no caso do bibliotecario, nin no de traballador social, peóns ou condutores. Cal é o motivo para que non se tire das listas dos arquitectos técnicos?. Por que se sacou con tanta presa?. Explicóuselles que había unha sobrecarga, do que é coñecedora e que non debía haber dous, senón tres arquitectos técnicos, pero o caso é que crean a lista e non tiran dela, por que?.

- En canto á Policía Local di que é un servizo tan importante como a recollida do lixo e é algo que este goberno non o ten metido na cabeza, por moito que o diga. Proba disto foron as dúas modificacións da RPT que trouxo; a primeira aínda a día de hoxe non se soubo explicar, quedou enriba da mesa e retomaron outro tema; a segunda pedíronlle, e rógalle que se tomen en serio o que é o Corpo de Policía, que non amorticen prazas de Policía Local, que repoñan esas prazas de policía, o cal, dille ao alcalde, que o seu grupo as vai apoiar. Non poña de excusas de que non existe orzamento porque para traer as subvencións nominativas pasa o mesmo suposto, se non hai orzamento faise unha modificación orzamentaria. O PP o ía apoiar a anterior proposta e apoiouno hoxe co voto particular do partido Socialista. Neste caso, dille ao alcalde que son sete concelleiros que están na oposición, pero que se repón as prazas de Policía, os sete votos do partido Popular os vai ter para esa modificación orzamentaria. Rógalle que cree unha praza de xefe de Policía, non amortice ningunha, cree a praza e o voto do partido Popular o vai ter para esa modificación orzamentaria, pero non faga malabarismos, non intente "esmachucar" un servizo, que ata o de agora, non deu ningún problema. Rógalle ao alcalde que se poña a traballar no tema de persoal, levan máis de dous anos aquí, así o goberno ten o tema do fondo social sen mover e dáse conta de que o goberno non está a facer absolutamente nada, agás a creación de listas. Rógalle que traballe para os que están agora mesmo na casa, houbo catro anos de avances de política social durante o mandato do PP e agora está totalmente paralizado por un goberno que non fixo nada, agás as listas. Rógalle ao alcalde que traballen, que teñen todo o apoio do partido Popular en materia de Persoal, traian esa proposta á Comisión, ao Pleno e ao Concello que o seu partido o vai apoiar.

Contéstalle o alcalde respecto das políticas sociais do Concello que hai un goberno que goberna no Estado español que se chama partido Popular que paralizou absolutamente todas as políticas sociais do Estado, incluído a deste Concello, xa que todas esas bolsas se paralizaron porque o obrigou o goberno do PP, non foi nin o PSOE, nin a Marea, nin o BNG e agora semella que vén aquí como se non tivese nada que ver con eles.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bertoa Ponte, que advírtelle ao alcalde que admitir, fóra de prazo, unha solicitude pode supor ou incorrer nun delito. Respecto da política social dille ao alcalde que se esqueza de Rajoy e de Ana Pontón, faga a política social que fixo o PP nos últimos catro anos en Fene e rógalle que non a paralice.

- Rógalle ao alcalde que o seu grupo político teña prudencia nas declaracións, porque como dicía Paco Liaño, porteiro do Deportivo naquela final de liga contra o Valencia, que finalmente gañou o Barcelona: "arrieros somos". Por iso pídelle que sexan prudentes coas súas declaracións porque onde uns están hoxe, mañá pódese ver vostede.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que fai os seguintes rogos e preguntas:

- Agrádalle ver o novo estilo dinámico do debate no Concello, non é que proteste senón todo o contrario, agrádalle que sexa así e espera que isto se prodigue. Non obstante parécelle mellor isto que a aptitude de hai tres ou catro plenos no que se obstaculizou permanentemente as intervencións dos demais. Dille ao alcalde que segundo o ROM, como debe ser ademais, o alcalde debe moderar os debates pero non encontrou por ningún sitio que puidera facer intervencións no momento que considerara oportuno sen correr unha quenda, aínda que se cadra é posible.

- Respecto do discutido antes da sinalización turística do camiño de Santiago di que o discutiron con moitas razóns pero sen datos. Di que a sinalización turística evidentemente está mal pero non polo que indica senón que estaría ben indicado se se coñecese a norma que o regula. A norma regula o camiño dende o 18.11.2015 coa orde do 05.11.2015 pola que se modifica o manual de sinalización turística de Galicia, aprobado polo Decreto 85/2012, do 16 de febreiro, que di que o sentido da dirección o indica a frecha, como dixo o alcalde, pero a cuncha non pode ir en calquera dirección, a cuncha vai sempre na orientación dereita. Dille ao alcalde, que tampouco sabe, que hai un prazo de catro anos para actualizar a sinalización a contar dende o 18.11.2015, é dicir, para introducir as frechas baixo as cunchas e que todas as cunchas estean na orientación dereita. Rógalle ao goberno que nas vindeiras veces opine con razóns e propiedade.

Contéstalle o alcalde que sabe perfectamente que o Concello non ten absolutamente nada que ver con esta sinalización, é máis, a sinalización é a que está facendo a Xunta de Galicia neste momento e non se trata da sinalización que leva aquí tempo, están cambiándose todas as sinalizacións no

último mes, así en Fene instalaron a nova non hai un mes. Ese foi o motivo de facerlle a consulta á Xunta de Galicia e iso foi o que lle contestaron. Fene non vai cambiar a sinalización porque non ten competencia para cambiala. Non obstante toma nota e reiterará o dito á Xunta de Galicia.

- Tamén ten asuntos pendentes dende hai tres, catro, cinco ou seis plenos, pero xa non sabe se se pode dicir, porque se o que non se fai nunca non se pode repetir e iso é facer mala oposición, entón xa non sabe un o que pode dicir ou non.

- Veu no rexistro que se denegaba unha solicitude de axuda para o fomento de accesibilidade no medio rural. Por que se denega esta solicitude?.

- Xa preguntaron o mes pasado respecto dos incidentes no río Cádavo e o alcalde contestou ao final do Pleno que se traerían os informes por escrito que fosen pertinentes. O certo é que só veu un informe "escueto" da concelleira, pero fáltanlle máis cousas por saber. É certo que na Comisión informouse que os peixes mortos non eran troitas, senón que eran doutro tipo, pero non saben de que especie. Séguelle a parecer igual de mal que por un incorrecto baleirado do estanque morran peixes cando non é a primeira vez que pasa alí, porque xa houbo máis baleirados e xa pasou outras veces. A concelleira de Medio Ambiente debía estar pendente porque ademais había precedentes. Se non houbo nada irregular tampouco sabe porque o persoal do Concello estaba alí abaixo recollendo peixes. Para baleirar o estanque, xa que se trata baleirado nun río precisa ou non permiso de Augas de Galicia?, se o necesitaba estaba solicitado?. Considera que o procedemento que se usou para o baleirado do estanque é correcto ou non?. Coñeceu polo rexistro municipal que ten previsto baleirar os lodos e limpar o estanque, xa que está no contorno dun río quere saber se precisa permiso de Augas de Galicia?, se o precisa tense solicitado?, e se hai algunha explicación máis razoable de a que sequen los lodos para demorar tanto o baleirado do estanque?. Gustaríalle que esta pregunta a respondera a responsable de Medio Ambiente, porque entende que é unha actuación da que debía estar pendente.

Contéstalle a concelleira de Medio Ambiente, María Manuela Aguilar Prieto, que no estanque estanse a seguir os pasos recomendados por Augas de Galicia e estase esperando a súa visita. Se é o caso de que non veña achegará o permiso. En canto ao problema do vertido ocasionouse por segunda vez; ao principio non se lle deu demasiada importancia por pensar que fora unha cousa puntual pero esta segunda vez si se buscou e esta detectado. Espera que na vindeira semana quede solucionado.

- Houbo a desgraza de que o río Cádavo ía tinguído de branco un ou dous días despois do baleirado dos tanques por un vertido de pintura. Solicita copia do informe do Seprona e da analítica que se fixo. Iniciouse algunha actuación cara a delimitar responsabilidades por este vertido?.

- Hai veciños que teñen problemas cos seus pozos que están secando. Roga que se arbitren medidas extraordinarias para paliar os problemas por seca que se producen nos pozos dos veciños e veciñas de Fene. As solucións extraordinarias non poden pasar porque se articulen de xeito ordinario, porque para esta solución non estarían aquí se a primavera e o verán non viñesen como viñeron.

- Volve preguntar polo expediente da rúa Travesa núm. 26 que segue aínda sen intervirse, a pesar de que cada vez que llo din o concelleiro responde dentro de quince días, pero xa pasaron moitos deses quince días e séguese sen saber nada.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, respecto dos expedientes de maleza que estráñalle que dixera quince días, seguramente dixo que nos vindeiros consideraba que se ía executar porque se solicitaron varios presupostos. O certo é que eses presupostos non chegaron e contactouse con outras empresas para visitar as fincas e presupostar os traballos, xa que cos medios do Concello non se pode actuar. Espera que estas outras os acheguen.

- Volve rogar a colocación de alumeado no camiño do río Saa. Xa sabe que o goberno tomou nota pero gustaríalle ter unha previsión, se é que teñen intención de facelo. Se non é o caso, rógalle que llo digan para verter a opinión política que consideren.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que di que é certo que estes días se renovaron luminarias e xa falou cos electricistas. Hai un punto que está nunha propiedade privada, nunha zona un pouco complicada. Estes días pasarase por alí para ver a posible solución.

- Volve lembrar o expediente de disciplina urbanística por maleza no cruce do Catalán co camiño da Vrea, pois é a terceira vez que se pregunta no Pleno. Pódese confirmar que este mes se vai informar e, por tanto, este expediente poderá avanzar?.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que nun mes notificase á xente para que vaia revisar á finca, realízase un expediente do estado e posteriormente se lles envía a notificación. Está seguro que nun mes non se fai este traballo, aínda que lle diga que noutros concellos faise nunhas horas ou en cinco días. Non obstante, falará cos responsables que realizan estes informes para que axilicen estes trámites.

- Hai tempo fixo un rogo respecto do núm. 1 do camiño de Buio, en relación coa plantación de árbores a menor distancia da permitida. A Policía comprobou que non se cumpría coa distancia axeitada pero o colindante limitouse a talar a primeira fila de árbores e a segunda segue a incumplir a distancia regulamentaria. Pódelle confirmar o concelleiro de Urbanismo se este mes de setembro se vai informar este expediente, igual que os outros?.

- Roga que se revisen os postes de alumado público no contorno do río Cádavo na rúa do Cádavo. Hai algúns que levan nun estado perigoso tempo, que xa o estaban cando el era concelleiro, pero agora máis, e xa hai once meses que non é concelleiro de Servizos, especialmente o que hai logo da ponte que semella que xa corre perigo de derrube.

- Case todos os anos se limpou unha rexiña que hai tras do Cádavo, no camiño que sube ao parque do Pallaso. Roga que se limpe.

- Roga que se atendan os parques infantís, con especial atención ao do colexio da Xunqueira. Hai numerosas deficiencias e elementos moi perigosos para os nenos. Roga que se faga algunha intervención de urxencia.

- Reitera o rogo para que atendan a petición dunha veciña que se queixaba de que na zona do contorno do Día había un problema coa velutina, problema que xa está encarrilado coa concelleira de Medio Ambiente, sen embargo todo o tema da maleza segue sen atenderse.

- O Concello de Cabanas fixo unha alegación sobre o borrador do Regulamento do Punto Limpo. Cal é o seu contido?, hai novidades cara a debater o regulamento no Pleno?.

Contéstalle o alcalde que hai un escrito do Concello de Cabanas que se recibiu na primeira quincena de agosto relativo ao regulamento do Punto Limpo. Precisamente para isto mañá terá unha reunión no Concello de Cabanas para tratar este e outros temas pendentes como o dos lindes.

- Adif comunicoulle ao Concello unhas alegacións respecto da súa non obriga de presentar facturas fronte ao que, ata o de agora era a opinión da interventora municipal, opinión moi compartida en moitos Concellos, polo que Adif, polos conceptos polos que nos carga custes, debe emitir facturas. Hai concellos no que isto estase a converter nun problema que impide avanzar expedientes e pregunta, Fene ten este problema?, cal son as medidas que se teñen pensado ao respecto?, pódelle xerar dificultades a Fene?.

Contéstalle o alcalde que pensa que se trata dunhas facturas devoltas a Adif para que as presente a través da administración electrónica, pois as estaba presentando en papel. Aínda que Adif alega que as pode presentar así, os servizos do Concello dixéronlle que teñen que presentalas na sede electrónica.

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que que nalgunha reunión de coordinación da súa formación soubo de que hai varios concellos desta Comarca que tiñan problemas deste tipo con Renfe. A partir disto xurde o problema de que se non se pagan as taxas para informar as obras Adif e esta non emite os seus informes, o que pode paralizar a súa licitación. Sabe que en Neda ou Pontedeume houbo problemas serios e retrasos moi considerables, aos que aínda non lle atoparon solución, e por iso preguntoulle se isto ía ser unha dificultade e se había algunha previsión?.

Contéstalle o alcalde que ata o de agora non houbo ningún problema pero toma nota disto.



- Preguntou nalgún Pleno e nalgunha comisión sobre o mapa de deslindes do polígono industrial de Vilar do Colo para saber se Fene estaba a limpar todas as zonas que lle correspondían ou non. Achegáronlle unha información e o tramo que o seu grupo alegaba, logo da primeira rotonda, dende a metade da rúa, entre a primeira e a segunda rotonda, da entrada do polígono e a gasolinera, esa beirarrúa corresponde toda a Fene e está sen rozar. O grave non é isto, o grave é que é a terceira ou cuarta vez que di que xusto nese tramo hai unha obra deficiente, obra conxunta dos concellos de Cabanas e Fene que executou Cabanas e era este quen tiña que reclamar a súa reparación. Executaron unha obra cun escalón de máis de quince centímetros o que constitúe un problema para a xente que pasa por aí. Rógalle que se emende esa deficiencia e, incluso, a que non se espere a que Cabanas lle reclame á empresa que fixo á obra, senón que busquen facer a reparación e repercutirlo á empresa responsable.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que non sabe se ten o mesmo plano ca el, pero el considera que é o cincuenta por cento desta marxe dereita, aínda que pode ser un sesenta corenta. O caso é que non toda a marxe dereita é de Fene. Non obstante, esa metade é a que se lle indicou en numerosas comisións que era de Fene. Por outro lado dille que a zona que ten o escalón está agora valado por mor dunha obra e cando esta remate, farán a obra.

- Ten pedido o expediente da obra do Campo de fútbol de Maniños e dáse por contestado, non obstante a semana que vén pasará consultalo e rógalle ao concelleiro de Urbanismo que non falte ningunha da documentación que pediu porque senón virá dicirlllo novamente ao Pleno.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que hoxe mesmo o técnico municipal rematou o seu informe e, hoxe mesmo notificóuselle que pode pasar a estudar todo o expediente. Pensa que neste caso o retraso é mínimo, de minutos.

- Lembra, igual que fixo o voceiro do grupo municipal do PP, o dos pasos da vía do tren para dicirllle ao alcalde que se alguén algo fixo ao respecto foi o partido Socialista, que foi quen iniciou esa actuación. Os demais partidos farían xestións pero o seu partido deixou un convenio asinado que é a base para seguir traballando. Respecto da resposta do anterior Pleno di que se non hai responsable de Adif nesta zona e o responsable está en León, non estaría de máis que o alcalde saia algo máis do seu despacho e vaia visitar institucións para arranxar os problemas dos veciños de Fene. Lembra a outros alcaldes que se tiñan que ir a Madrid a reunirse, ían.

- Pregúntalle á concelleira de Persoal, advertíndolle que no caso de non contestarlle ela retiraría a pregunta, que xa lle dixo que o seu grupo estaba comezando a facer enquisas. Dille que non lle contestou a nada, nin recolleu a que lle dixo de en cantos concellos da provincia da Coruña se daba a circunstancia que logo de dous de entrar un goberno, dous membros da súa candidatura estaban traballando no concello. Fixo algunhas indagacións e só atopou unha e non dirá cal. Agora ocorréuselle dúas enquisas máis, enterouse que hai concellos da provincia da Coruña no que os xefes de Persoal dedícanse a recomendar a traballadores e traballadoras do seu Concello con quen deben tomar café e con quen non. Ten datos de en cantos concellos desta provincia pasan este tipo de cousas?, porque cónstalle que pasa nalgúns.

- Comezou outra enquisa respecto dos tribunais de contratación, así algunha vez comentou que o presidente da maioría dos tribunais é o irmán do responsable local do partido do goberno, o cal pode ser unha casualidade ou unha circunstancia e igual se cadra é lexítimo. Por iso mirou que pasa no resto da provincia para saber se é algo habitual.

Neste momento intervéñ o alcalde que pídelle ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que se se trata dunha pregunta ou dun rogo concrete un pouco.

- Pregúntalle, nos dous casos se o goberno ten datos de con que frecuencia nos concellos da provincia da Coruña se dan estas circunstancias?, xa que de comprobar que non son habituais igual tiñan que mirar algunha cousa en Fene.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que non ten ningún dato ao respecto. Non sabe de onde quita estas enquisas pero o goberno non ten acceso a esas enquisas tan estrañas. O que lle di é que o irmá da responsable local do BNG xa traballaba no Concello antes de que ela tivese o dito cargo. Dille que espera que algún día deixe de meterse cos funcionarios e que este traballador é reclamado por outros concellos para ir a tribunais, é dicir, que Fene non é o único. Rógalle un pouco de seriedade e respecto para os traballadores.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.11 h, de todo o que, como secretaria accidental, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria accidental Carmen López Villar e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.